

COMUNICACIÓN DO COMITÉ DE ARBITRAXE AOS CLUBS

COMEZO DA TEMPORADA 2019-2020 - Data: 22.10.2019

Prégase máxima difusión dentro dos clubs. Grazas.

COMENTARIOS INICIAIS

- Indicamos a **máxima disposición deste comité** por colaborar na mellora do fútbol gaélico galego. **Agradecemos a actitude de colaboración inmediata** dos clubs e de todas as árbitras/os.
- Pedimos **desculpas por non poder ter dado esta comunicación antes** da 1ª xornada de Liga. Con máis previsión en próximos anos, é un feito perfectamente solucionable e agardamos poñer os medios para que así sexa.
- Expresamos a dificultade que pode existir en ocasións na interpretación ou implementación de decisións regulamentarias tomadas pola Asociación para cada tempada. A este respecto, **solicitamos que os cambios galegos nas aplicacións regulamentarias se decidan como se fai a outros niveis da GAA, é dicir, con mocións previas á Asamblea que se podan coñecer unhas semanas antes**, de modo que os clubs e o propio Comité poda avaliar e presentar os pros e contras do cambio e as posibles disonancias coas regras fóra de Galicia.
- **Solicitamos unha reunión presencial ou telemática para Decembro de 2019** xa que desde xaneiro do 2020 entran en vigor 3 cambios regulamentarios da GAA:
 - o Marca avanzada
 - o Sin-bin co cartón negro
 - o Saque de porta dende os 20m<https://www.gaa.ie/football/news/gaa-special-congress-2019-the-motions-explained/>
Contactaremos coa Comisión de Arbitraxe Europea para coñecer o criterio de aplicación en Ibéricos/Europeos e teremos que decidir como faremos en Galicia.

DAS ÁRBITRAS/OS GALEGAS

- Todo o colectivo arbitral galego expresa o seu **desexo de traballar pola mellora progresiva dos seus coñecementos teóricos e aplicación práctica dos mesmos**.
- O colectivo arbitral tamén **se compromete a mellorar a entrega e calidade das actas** arbitrais.
- Nas relacións arbitrais cos distintos membros dos equipos, **o colectivo arbitral adopta como propio o lema da GAA "Give respect, get respect"** (dar respecto e recibir respecto).

DA COLABORACIÓN DOS EQUIPOS

- **Prégase encarecidamente a colaboración de xogadoras/es, técnicas/os e directivas/os** nos vindeiros anos. **Todos estamos aprendendo** e as árbitras/os non son unha excepción.
- No caso de que se vexa necesario comentar algunha circunstancia ou aportar algún aspecto para mellorar a tarefa arbitral, **as protestas e desconsideracións no campo non deben ser o camiño. Pola contra, damos as grazas por calquera suxestión respectuosa e construtiva** na conta de correo arbitraxe@gaelicogalego.gal
- O **bo ambiente e deportividade** nos partidos non só é o desexo que expresou múltiples veces a AGFG senón que é o elemento que atrae a moitas rapazas e rapaces a xogaren ao fútbol gaélico. Tamén é o aspecto que garante que a arbitraxe galega non diminúa constantemente de efectivos. Por iso, **a comisión de arbitraxe recomenda ás árbitras/os que empreguen, segundo corresponda, todos os recursos das regras en caso de condutas incorrectas, antideportivas, agresivas ou irrespectuosas** (sanción de 13m, tics, cartóns, inclusión en acta de circunstancias concretas e mesmo anexos arbitrais).
- **En casos de altercados ou comportamentos desagradables no público solicítase dentro do posible a actuación anticipada dos equipos** (por exemplo, chamar a atención ao espectador/a implicado sen necesidade de que a árbitra/o deteña o xogo ou teña que dar aviso). Neste senso, **a comisión de arbitraxe indica ás árbitras/os que poden deter o tempo necesario (e mesmo como último recurso suspender o partido) de non se producir esta intervención ou se o espectador/es continúan nunha actitude non tolerable. En especial, recálcase para casos de insultos graves reiterados, ameazas, comentarios racistas ou sexistas; diríxanse estes contra á árbitra/o ou outro participante calquera do evento (xogadoras/es, técnicas/os, directivas/os, outros espectadores, encargadas/os de campo).**

DO TERREO DE XOGO

- Lembrar que nas competicións galegas, segundo ás regras oficiais GAA e LGFA, **os equipos deben marcar con 12 conos as liñas laterais nas distancias de 13, 20 e 45m.** Como orientación indicar que a frontal da área grande de soccer está a 16,5m (poñer a liña de 13 metros 3,5m antes e a de 20 metros 3,5m despois). Lembrar que **se os conos se poñen sobre a liña e no partido o balón toca co cono, por regulamento GAA debe considerarse que o balón saíu do campo.** Se queremos evitar isto, colocar os conos por fóra da liña.
- En Galicia, cando se xoga a campo completo de soccer, **non se obrigará a marcar a área pequena nin a poñer conos na liña de fondo (aínda que se recomenda en torneos de moitos partidos).** Para evitar protestas dos equipos por descoñecemento, cómpre lembrar que a área pequena de gaélico é máis pequena que a equivalente de soccer (entra no campo 1m menos sendo ademais

1,25m menos ancha a cada lado). Do mesmo modo, lembramos que a **área grande de gaélico** entra no campo só 13m e non 16,5m como a de soccer. E sobre todo que **é moito menos ancha que no soccer: só 75cm máis ancha a cada lado que a pequena de soccer (!!)**.

- **Insistir en que este ano, cando dispor de porterías móbiles, os campos do feminino vanse delimitar nun área de aprox. 67x40m.** Nun campo de soccer de dimensións habituais:
 - o As porterías irán na frontal da área grande de soccer
 - o As liñas de fondo coincidirán coa liña desa mesma frontal
 - o As liñas de banda terán que marcarse con conos ou cinta que prolongue os laterais das áreas grandes de soccerO tamaño é aproximado pero recoméndase como tamaño mínimo, o que deben ter en conta os clubs para adaptaren as marcas en caso de campos de soccer de dimensións reducidas. Pódese aumentar o campo a proporcións 75-45m ou 80-50m (máximo) segundo orienta a GAA.
- **Nas porterías con postes “adosados” o equipo debe asegurar a súa estabilidade de maneira fiable.** A árbitra pode non iniciar ou deter o partido se desde o seu criterio non ve garantido este aspecto.

DAS XOGADORAS/ES

- Lembrar que nas competicións galegas os equipos serán **9vs9 na competición masculina e 7vs7 na feminina** (con obxectivo futuro de 9vs9 tamén).
- **Os trocos de xogadoras/es deben realizarse nos 10m centrais da liña lateral (5m a cada lado da liña de mediocampo), polo menos de xeito aproximado.** Nas competicións galegas non haberá obriga de comunicación previa á árbitra/o nin de que o xogo estea detido. A substituída/o debe abandonar o campo antes de entrar a substituta/o. **A árbitra/o poderá sinalar un tiro libre a 45m entre os postes** se interpreta que o momento, a forma ou lugar do troco se emprega como truco para impedir ou obstaculizar un ataque (segundo o criterio aplicado nos GAA World Games).

DO TEMPO DE XOGO

- **Os xogadores sempre que sexa posible deben estar no campo polo menos 5 minutos antes da hora fixada de comezo de partido. O descanso non debe durar máis de 10 minutos** en condicións normais. Indicamos ás árbitras/os que fagan constar na acta calquera incidencia relevante ao respecto.

DA EQUIPACIÓN

- **É habitual que nos partidos do gaélico galego os equipos leven unha indumentaria moi pouco uniforme e mesmo que ás árbitras/os non vaian cunha indumentaria propia da súa tarefa.** Dende a comisión de arbitrase

prégase que se teña en conta a mala imaxe que esta circunstancia pode dar de cara a futuribles xogadoras/es ou nais/pais deses futuribles, ao transmitirmos sensación de pouca seriedade. **É misión de todas/os porlle remedio** sen necesidade de ningunha sanción ou aviso.

- De todas formas, imos recalcar algunha normativa oficial que ás veces esquecemos por comodidade ou preguiza:
 - **Pantalón ou mallas longas só o pode vestir a porteira/o**
 - **As mallas deben ser da mesma cor que o pantalón**
 - **O protector bucal é obrigatorio.** O seguro só cubre danos dentais ata 300 euros e os implantes dentarios soben bastante desa cifra. **Recoméndase ás árbitras ter un carácter educador/informativo nos meses de outubro e novembro, tempo máis que suficiente para adquirir un protector, mais a partires de aí non cabe senón aplicar a regulamentación.**
 - **Non se poden levar xoias.** Na LGFA establécese a excepción dunha alianza plana que pode ser cuberta con esparadrappo. Ás árbitras/os non esixirán a retirada nese caso mais recomendarán que se quite polo perigo circulatorio que pode xerar en caso de fractura-dislocación dese dedo.
 - **Permítense as lentes oculares ou protectores faciais con informe escrito de idoneidad para a práctica deportiva,** asinado polo profesional oportuno.

DOS UMPIRES

- **Toda persoa do gaélico galego debe ser instruída polo seu club para poder desempeñar a tarefa de umpire cun mínimo de dignidade.** Os umpires non son recollepelotas con asignacións, senón oficiais que van axudar a dar ou quitar puntos e goles, polo tanto teñen unha repercusión relevante nos partidos e teñen que saber o que fan.
- **Os mínimos coñecementos dun umpire serán:**
 - As 4 cousas mínimas que deben marcar (wide, 45, gol e punto). Agás en umpires “imparciais” non se lles pedirá que se mollen en square-balls ou outros incidentes.
 - Como o debe marcar se ten bandeiras
 - Como o debe marcar se non ten bandeiras
- **Se un umpire non cumpre con corrección ou seriedade a súa tarefa debe ser apartado polo club a indicación da árbitra/o procurando a súa substitución,** mais pode prescindirse del mesmo se non hai alternativa para o seu posto. En concreto, insistimos en que non ten sentido e é moi prexudicial para a imaxe do deporte vermos umpires escoitando música con auriculares, tomando cerveza, celebrando como fanáticos as anotacións do seu equipo, marcando puntos coa bandeira verde ou goles coa branca, deixando o seu posto durante varios minutos por ir procurar un balón, etc.

- Nas finais das competicións, a Comisión de Arbitraxe aposta porque a AGFG valore a posibilidade de umpires non vinculados aos clubs contendentes, mesmo se isto supón unha pequena compensación económica para eles.

DOS SAQUES

- **Os saques de porta pódense sacar co pé, ben dende o chan o ben dende a man.** Ás árbitras aplicarán os criterios dos GAA World Games:
 - **En ámbolos dous casos, ten que ser dende á area pequena.** Indicamos que, en prol da velocidade do xogo, ás árbitras/os non sexan estritas na aplicación desta restrición no caso de saque co pé dende a man (pódese tomar como referencia á área pequena de soccer) sempre e cando se trate dunha acción rápida puntual e non dunha actitude reiterada de tomar vantaxe.
 - **No momento do saque, as xogadoras/es deben permanecer fóra da liña de 13m.**
- **Insistimos ás árbitras/os que esixan 13m de distancia en todos os saques, con especial atención nos lanzamentos neutrais ou throw-in.** Deben sancionar conforme o regulamento os incumprimentos a esta norma.

DAS INFRACCIÓNS E FALTAS

- **Insistimos ás árbitras/os no uso dos “13m máis ventaxosos” en caso de retrasar o saque dun adversario ou protesta/xestos por unha falta sancionada en contra.**
- **O “croucht-lift” ou toque co pé ao coller o balón do chan pasa a ser obrigatorio tamén nas competicións femininas.** Só en Galicia.
- **A carga ombreiro contra ombreiro nas competición femininas pasará a rexirse polos criterios da competición masculina.** Só en Galicia. Lémbrese aos clubs e ás árbitras/os que deben axustar o seu xogo e decisións en competicións fóra do noso ámbito.
- **Os cartóns nas competicións femininas aplicaranse cos mesmos criterios que na competición masculina e non se decretará o Sin Bin polos cartóns amarelos.** Só en Galicia. Lémbrese aos clubs e ás árbitras/os que deben axustar o seu xogo e decisións en competicións fóra do noso ámbito, onde si haberá Sin Bin.
- Lembramos que o **“wrestling”** ou forcexeo por un balón en posesión do contrario é falta técnica e non falta agresiva.
- Lembramos que o **“square ball”** ten distinta aplicación se o balón vén de xogo activo (valórase cando se golpea o balón) ou se vén dun saque parado (valórase cando o balón entra na área pequena).

DA VANTAXE E AS FALTAS TARDÍAS (“LATE FOULS”)

- A vantaxe en fútbol gaélico ten **aprox. 5 segundos** de aplicación e durante ese tempo a árbitra/o debe manter a sinalización de vantaxe co seu brazo. **A árbitra pode e debe botarse atrás durante ese tempo sempre que o equipo (non só o xogador implicado) perda a vantaxe ou erre un tiro a porta (parada ou wide).** Seguimos a ver que non se aplica a vantaxe cando o xogador se repón e falla un tiro “fácil” e non é correcto se estamos dentro deses 5 segundos. A arbitra/o debe manter a sinalización mentres estea a aplicar a vantaxe, xa que as xogadoras/es poden buscar gol rápidamente sabendo que teñen un “free asegurado”.
- Lembramos tamén aos equipos que **cando se trata dunha “late foul”** ou falta en xogo no momento de patear o balón ou xusto despois de facelo, **o punto de saque da falta pode vir determinado polo punto onde cae o balón**, se este fose máis ventaxoso.

DA MARCA

- **A día de hoxe, a marca non se aplica no fútbol gaélico feminino.**
- A marca é unha norma que chegou ao fútbol gaélico para quedarse (e mesmo ampliarse coa futura “advanced mark”). Polo tanto **é moi recomendable que os corpos técnicos instrúan os seus xogadores** no coñecemento e aproveitamento da mesma.
- **É importante que os dianteiros saiban que:**
 - A árbitra/o fará un asubío curto se un dianteiro colle o balón no aire directamente dun saque de porta alén da liña de 45m, indicando a marca
 - Nese momento pode seguir avanzando ou deterse inmediata e claramente se quere un tiro libre
 - Se continúa avanzando, non lle poden disputar o balón durante 4 pasos ou ata que faga unha acción co balón (bote, solo, pase...)
 - Se quere un tiro libre, soamente o pode tirar ese mesmo xogador e ten 5 segundos para facelo. Se non sigue este procedemento, será throw-in.
- **É importante que os defensas saiban que:**
 - Que deben reaccionar de xeito distinto segundo faga o dianteiro
 - Se o dianteiro continúa avanzando, non lle poden disputar o balón durante 4 pasos ou ata que faga unha acción co balón (bote, solo, pase...). En caso contrario, será un tiro libre que poderá sacar calquer xogador e non só o da marca.
 - Se o dianteiro quere un tiro libre, os outros xogadores terán que estar a 13m e non lle poden estorbar ou bloquear o saque dentro deses 13m. En caso contrario, será un tiro libre 13m máis ventaxoso que pode sacar calquer xogador e non só o da marca. (Ollo, porque esto foi unha

aclaración despois da publicación da guía oficial da GAA e no texto oficial pon 10m).

- Podedes ler máis sobre a marca en <https://gaelicgameseurope.com/mark-rule-mens-gaelic-football-europe/>

Agardamos que a espera por estas indicacións vos paga a pena e que a competición deste ano continúe a potenciar o gaélico galego.

Se vedes calquera erro ou queredes consultarnos ou que consultemos algo ao Comisionado Europeo non dubidedes en avisar.

Atentamente,
Pablo Miragaya
Comisionado de Arbitraxo da AGFG
arbitraxo@gaelicogalego.gal